

Cabalo de Pura Raza Galega

6

O cabalo de Pura Raza Galega é de perfil recto ou subcónico, elipométrico e de proporcións subloxíneas. Cunha alzada á cruz entre 120 e 140 cm. Ten un temperamento dócil, tranquilo, valente e intelixente que o fai apropiado para a equitación, tanto de ocio como deportiva.

O cabalo de Pura Raza Galega é de capa negra ou castaña. Admítrase no Rexistro Fundacional e no Rexistro Auxiliar unha pequena estrela nos machos e nas femias unha pequena estrela ou un principio de calzado ou calzado moi baixo nunha soa extremidade. No Rexistro Definitivo non se admitirán despigmentacións conxénitas.

Cualificación morfolóxica.

A cualificación morfolóxica dos exemplares será efectuada pola Comisión de Valoración e Cualificación Morfolóxica do Cabalo de Pura Raza Galega.

A cualificación morfolóxica realizarase mediante apreciación visual e polo método dos puntos, o que servirá para xulgar comparativamente o valor dun exemplar determinado.

Os caracteres que hai que considerar son os que a continuación se relacionan, con expresión para cada un deles do coeficiente de ponderación. Os puntos que se asignen a cada un dos ditos aspectos multiplicarase polo coeficiente correspondente, resultando así a puntuación definitiva.

Caracteres que se cualificarán	Coefficiente
Cabeza	1.50
Pecozo	0.70
Cruz de costas	1.00
Tronco e peito	1.00
Dorso e lombo	1.00
Cruz dos cadrís e rabo	1.30
Extremidades e verticalidade das extremidades	1.00
Harmonía xeral e movementos	1.50
Capa e fidelidade racial	1.00
TOTAL	10.00

Obtida deste modo a puntuación final, os exemplares quedarán clasificados segundo as seguintes denominacións:

Clasificación	Puntos
Excelente	≥ 90
Moi bo	≥ 80 e < 90
Máis que bo	≥ 75 e < 80
Bo	≥ 70 e < 75
Suficiente	≥ 65 e < 70
Insuficiente	< 65

Os animais con puntuación inferior a 65 puntos estímense rexeitados.



Cabalo de Pura Raza Galega



A **CABEZA** é proporcionada, con fronte longa e plana. Ten abundante topete.

As **ORELLAS** son pequenas e pilosas.

Os **OLLOS** son grandes, vivos e expresivos, con órbitas saíntes e ben marcadas. Os ollares son dilatados e os beizos gordos.

Cando se cría en estado de liberdade nos montes galegos pode presentar **BIGOTE** no beizo superior.

O **PESCOZO** é proporcionado, con boa conformación e abundantes crinas.

O **PEITO** tende á profundidade.

As **EXTREMIDADES** son finas, curtas e fortes.

As **ARTICULACIÓNS** son poderosas e duras.

As **CANELAS** son curtas.

Os **CASCOS** son escuros, tendendo a negros, de conformación redonda, pequenos, duros e ben proporcionados.

A **CRUZ** é destacada.

A liña **DORSO-LUMBAR** tende á rectitude.

A **CRUZ DOS CADRÍS** é sinxela e algo inclinada.

A **COLA** é de nacemento medio, longa e de sedas fortes.

O **VENTRE** é redondeado.

Posúe un escaso crecemento do **ESPORÓN** e de sedas ó redor do esporón.

